PROPOSTA DE MEDIDAS URXENTES DE APOIO ÁS FAMILIAS MONOPARENTAIS

Xosé Cuns
Director EAPN Galicia

Inés Salteiro
Directora POI Galicia

Clara de Vega
EAPN Galicia

plataforma de organizacións de infancia galicia

EAPN GALICIA

CONCEPTO DE FAMILIA MONOPARENTAL

Segue a haber un debate para definir o concepto de familia ou fogar monoparental.

Algo indiscutible: **detrás deste núcleo están nenos, nenas e adolescentes** (NNA) que sofren as consecuencias do lento avance nas medidas de protección.

↓

POBREZA INFANTIL

16 % de nenos, nenas e adolescentes en risco e pobreza e/ou exclusión

CONTEXTO ACTUAL DAS FAMILIAS MONOPARENTAIS

- **En España** (últimos datos INE)

81,9 % fogares monoparentais están encabezados por mulleres.

No 2024: Taxa de risco de pobreza e/ou exclusión social (AROPE) das persoas en fogares cun adulto e un NNA foi de 50,3 % (case duplicando o dato AROPE do total da poboación: 25,8 %).

CONTEXTO ACTUAL DAS FAMILIAS MONOPARENTAIS

- **En Galicia** (últimos datos IGE)

35.725 fogares monoparentais están en **risco de pobreza ou exclusión.**

O **66,3 %** dos fogares monoparentais aseguran chegar con dificultade ou moita dificultade a final de mes. **O máis alto de todos os tipos de fogar.**

MARCO LEXISLATIVO VIXENTE

Goberno central

Estancamento da **Lei de Familia.**

Ampliación dos permisos remunerados de nacemento e coidados ata as **32 semanas** (Real Decreto-ley 9/2025, de 29 de xullo).

A parálise da Lei estatal **non impide o avance na protección** das familias monoparentais.

CCAA que avanzaron

Leis específicas:

- Asturias, Murcia e a Rioxa.

Rexistro específico:

- Aragón, Asturias, Baleares, Cantabria, Cataluña, Valencia, Murcia, Navarra e a Rioxa.

Outras CCAA que avanzan:

- Euskadi, Andalucía Madrid e Castela e León.

MARCO LEXISLATIVO VIXENTE

GALICIA

+3 anos de incumprimento da Lei 5/21 de Impulso Demográfico

- Inexistencia dun **Plan de Apoio** ás familias monoparentais.
- Falta dun Rexistro específico de Familias Monoparentais.

Avances recentes

- Presentación dun borrador de **convocatoria específica** para solicitar o certificado de familia monoparental.

É HORA DE ACTUAR. Que demandamos?

1. Creación do Rexistro de familias monoparentais

Para determinar e establecer os requisitos e medios de acreditación de dita condición, así como as diferentes categorías que se establecerán.

Categorías (semelladas ás de familia numerosa).

- Xeral: familias monoparentais cun fillo/a.
- Especial:
  - Familias monoparentais con dous fillos/as ou máis.
  - Un fillo/a ou proxenitor/a con discapacidade igual ou superior ao 33%.
  - Categoría xeral en situación de especial vulnerabilidade (ingresos menores en cómputo anual o 225% do IPREM).

É HORA DE ACTUAR. Que demandamos?

2. Facultar aos servizos sociais comunitarios e recursos públicos de atención (CIM) para elaborar informes vinculantes

- **Evitar que familias en situación de vulnerabilidade quedasen fóra** ante a rixidez dos requisitos esixidos (documentos xudiciais) ou dificultade de acreditar a súa condición.
- **Evitar a revitimización** nos casos de violencia de xénero, esquivando procesos que ceran sufrimento coa acreditación das profesionais dos CIM.
- **Desburocratización** mellorando o acceso aos recursos de apoio, esencial na loita contra a pobreza e a exclusión social. Facilitar o cruce de datos entre as administracións, para unha xestión máis áxil.
- **Contar coa colaboración de entidades do Terceiro Sector.** Axilidade nos procesos e valor engadido dunha atención enfocada á persoa.

É HORA DE ACTUAR. Que demandamos?

3. Equiparar beneficios de familias monoparentais aos de familias numerosas. BAIXO NÍNGÚN CONCEPTO COMPETIDORAS

Actualmente beneficios en ocio e educación.

Equiparando ás familias numerosas

- o Reducións fiscais
- o Beneficios en ocio e tempo libre
- o Educación
- o Vivenda
- o Transporte
- o Taxas e prezos públicos municipais

→ Replicando modelo de Comunitat Valenciana, A Rioxa e a Rexión de Murcia.

É HORA DE ACTUAR. Que demandamos?

4. Aprobación do ~~Plan~~ (medidas) de apoio ás familias monoparentais

- Poñer o foco na **fenda de xénero**. O risco de pobreza das mulleres é de 2,5 puntos por enriba das dos homes, un 20,6% fronte ao 18,1% (datos INE 2023).
- Estratexia con **campañas de formación e sensibilización** (centros educativos e entre profesionais de atención dos servizos sociais e comunitarios).
- **Campañas de promoción do rexistro** con información útil sobre as vías para a certificación e os seus beneficios.
- **Implicación** da Federación Galega de Municipios e Provincias e administracións locais, entidades do Terceiro Sector e Goberno galego.

É HORA DE ACTUAR. Que demandamos?

5. Aumento de medidas de protección específica na Renda de Inclusión Social de Galicia e no Ingreso Mínimo Vital

- **Complementariedade** da RISGA co Ingreso Mínimo Vital na modificación da Lei de Inclusión Social de Galicia.

- Na RISGA **aumentar medidas de protección específica ás familias monoparentais,** máis aló da *"consideración de situación de monoparentalidade no acceso"* que está recollida actualmente.

É HORA DE ACTUAR. Que demandamos?

6. Apoio á realización de Estudos de diagnóstico e enquisas específicas dende o Instituto Galego de Estatística

Actualmente → Falta de datos que permitan dar conta das especificidades que presentan as familias monoparentais.

Apoio destes estudos para mellorar o deseño das políticas públicas de apoio ás familias monoparentais, unha vez **identificadas as necesidades concretas**.

É HORA DE ACTUAR. Que demandamos?

7. Interlocución estable entre a administración e entidades do Terceiro Sector da Acción Social, e entidades representantes das familias e da infancia

Coa Consellería de Política Social e Igualdade

- Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.
- Dirección Xeral de Inclusión Social.

A perspectiva das entidades sociais, coñecedoras de primeira man da situación destas familias axuda a **contribuír ao enriquecemento e fortalecemento dos avances** que permitan avanzar na loita contra a pobreza e a exclusión social das familias monoparentais e as familias en situación de monoparentalidade.

Iniciativas postas en marcha actualmente

- Servizo gratuito de coidados a domicilio e campamentos (FAGAMOS).
- Creación de redes informais de apoio mutuo a través de actividades (FAGAMOS).
- Grupos de apoio á lactancia e a crianza (Alecría. Santiago).
- "Préstamos solidarios para familias monoparentais" (Fund. de F. Mono. Isadora Duncan)
- Traballo directo a través de itinerarios con mulleres migradas constitutivas de familias monoparentais.
- Acceso a un recurso residencial para familias monomarentais (Provivienda).
- Programa de familias: equiparar bonificacións ou prestacións a familias numerosas, descontos ou gratuidade (Por Qué No).
- Axuda única a familias monoparentais da Seguridade Social.
- Proxecto Familia Educa (actividades socioeducativas para familias en risco de exclusión social) e Conciliación (accións de conciliación para familias con menores de 12a).
- Abeiro é un programa de apoio a familias monoparentais e especial protección.
- Programas e profesionais para axudar coa conciliación para a formación e o traballo (Diaconía).

Propostas achegadas no formulario

- Igualar axudas coas as das familias numerosas e garantir servizos públicos de coidados e conciliación.
- Gratuidade no servizo de Madrugadores, comedor e actividades extraescolares de tarde nos colexios públicos.
- Ter en conta a situación da nai, independentemente de onde esté empadroada.
- Máis apoio en vivenda (bono aluguer) e emprego para nais solteiras.
- Apoios extraordinarios a nais sen apoio familiar e con crianzas con discapacidade ou nais tamén con discapacidade.
- Simplificación burocrática nunha única vía para info/solicitude axudas.
- Conciliación: medida para ausentarse do posto de traballo sen repercusións, favorecer espazos nas fins de semana, festivos, vacacións.
- Axudas económicas: renda mensual, deducións fiscais, complementos salariais. axuda directa por fillo.
- Consideración de familia monoparental cun fillo de 3 membros no cáculo de renda per cápita para ter opcións de entrar nos requisitos dalgunhas subvencións.
- Prazas públicas reservadas.
- Taller artístico de creación e empredemento.
- Medidas de formación preventiva ante situacións de risco.

CONCLUSIÓNS

- Prioridade máxima: dar certeza ás familias monoparentais e **avanzar cara medidas de protección** para mitigar a situación de pobreza e exclusión que están a vivir un 32,1 % das familias monoparentais en Galicia.
- **Actuar** baseándose noutros modelos de CCAA do Estado sen esperar os pasos que den dende o Goberno central coa incerta aprobación da Lei de Familia.
- A **posta en marcha dun marco galego específico** permite avanzar na protección das familias monoparentais e por tanto da infancia e adolescencia que a compoñen, asegurando o acceso a medidas que freen o impacto da pobreza e **aseguren a igualdade de oportunidades nas primeiras etapas de vida.**

É hora de actuar!

Moitas grazas

plataforma de organizacións de infancia galicia

EAPN GALICIA